

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE OUTUBRO DE 2018**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2018.	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual outubro 2018.	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en outubro de 2018	20
6.4.	Evolución da precipitación en outubro de 2018	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	27
9	RAIOS	28

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 30/11/2018



Mes seco e temperaturas medias normais

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de outubro quedou caracterizado polo predominio das situación anticiclónicas e as temperaturas elevadas durante as tardes, pero con dúas excepcións moi marcadas. A primeira delas tivo lugar a mediados do mes, cun episodio de precipitacións moi significativo e o segundo a finais, cun episodio, neste caso de baixas temperaturas. Isto fixo que tanto as chuvias como as temperaturas teñan valores moi próximos aos agardados nun mes de outubro.

Así, os primeiros 4 días do mes estiveron marcados polas altas presións, a estabilidade e a presenza de aire cálido en superficie, polo que foron xornadas frías ao principio, con néboas no interior, pero con tardes soleadas e temperaturas moi altas para o mes de outubro, con valores que o día 4 superaban os 30°C en moitos lugares do interior.

A chegada dunha zona de aire algo máis frío en altura, fixo que nos días 5 e 6 as temperaturas baixasen de xeito notable, aumentasen as temperaturas e mesmo se rexistrasen algunhas chuvias, pero que non foron xeneralizadas e tiveron escasa intensidade.

O día 7 recuperábase a influencia das altas presións, aínda que este segundo episodio anticiclónico foi menos intenso e duradeiro que o primeiro. De feito na xornada do día 10 comezamos a notar a influencia das baixas presións, con máis nubes e algunhas chuvias febles.

O día 11 estas precipitacións foron máis persistentes e xeneralizadas. O día 12 quedábase nunha situación intermedia, con ventos do sur, nubes e chuvias na zona atlántica e temperaturas elevadas con apertura de claros no resto.

Entre as xornadas do 13 e 14 tivemos a chegada do furacán Leslie, que tocaba terra ao norte de Lisboa nas últimas horas do 13. Isto deixou outro episodio de chuva persistente e de intensidade moderada na noite do 13 e na madrugada do 14. Ademais o día 14 baixaron considerablemente as temperaturas e tivemos o primeiro episodio significativo de neve.

Na xornada do 15 outro centro activo de baixas presións, restos do furacán Michael, chegaba a Galicia deixando outra xornada de chuva en toda a Comunidade. Os 3 días seguintes quedamos nos efectos dunha zona de aire frío en altura que achegou inestabilidade, polo que vivimos 3 días de tempo cambiante, con temperaturas discretas e chuvascos intermitentes.



A partir do 19 comezamos o segundo período anticiclónico importante do mes, coas altas presións estacionarias ao norte da península Ibérica, aportando estabilidade e achegando aire cálido dende o sur. Polo tanto, entre os días 19 e 25 tivemos 7 xornadas moi semellantes, de frío nocturno, mesmo con episodios de xeadas en vales do interior, néboas localmente persistente nesas mesmas áreas, pero a cambio tardes solleiras e con temperaturas elevadas para a época do ano. Ese episodio de estabilidade rematou bruscamente na xornada do 26. Nese día as altas presións retiráronse cara ao Atlántico e xunto coas baixas localizadas no norte de Europa conformaron un corredor de isóbaras que achegaron unha masa de aire moi fría, de orixe Ártico. Deste xeito, os últimos 5 días do mes estiveron caracterizados polas baixas temperaturas, os ventos do norte e as precipitacións, máis frecuentes canto máis ao norte, pero que de forma máis ocasional foron tamén afectando ao sur. O máis salientable deste episodio foi a cantidade de neve na montaña de Lugo, principalmente nas xornadas do 27 e 28, cando a cota de neve estivo bastante por debaixo dos 1000 metros.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

No mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1) obsérvase unha anomalía positiva sobre as illas Británicas que reflexa o desprazamento das altas presións cara o norte da Península. As chegadas de aire frío en altura foron habituais, como se pode ver reflexado na forte anomalía negativa presente no mapa (Figura 2), aportando inestabilidades e facendo que o mes fose húmido.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Outubro-2018.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Outubro-2018.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	OUTUBRO 2018 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	15.9/16.0	16.0	18.8 (2014)	12.6 (1974)
Tª mínima media	12.6/12.6	13.0	15.4 (2014)	10.2 (1974)
Tª mínima absoluta	7.5/7.0 (día 28)	6.0 (19/10/1992)		
Tª mínima máis alta	18.1/17.7 (día 12)	20.1 (15/10/2017)		
Tª máxima media	19.3/19.5	18.9	22.1 (2014)	15.0 (1974)
Tª máxima absoluta	26.5/26.1 (día 13)	31.5 (02/10/2012)		
Tª máxima máis baixa	12.7/12.0 (día 29/28)	11.8 (31/10/2008)		
Precipitación acumulada	80	93-129	309 (1990)	0 (1941)
Días de chuvia (≥1mm)	11	13	23 (1960)	0 (1941)

Comentario: Mes cálido tendo en conta a temperatura máxima, mentres que para as mínimas o mes considérase frío. Pola súa parte, as temperaturas medias foron normais. A precipitación que se rexistrou foi lixeiramente inferior ao agardado, polo que o mes considérase seco. Así mesmo, o número de días de chuvia tamén foi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2018 Temperatura: 1948-2018

SANTIAGO

	OUTUBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	14.8	14.9	17.6 (2017)	12.3 (1992)
Tª mínima media	9.8	10.6	13.2 (1997)	8.5 (1992)
Tª mínima absoluta	3.3 (día 29)	-0.5 (18/10/1992)		
Tª mínima máis alta	15.7 (día 12)	18.7 (10/10/1997)		
Tª máxima media	19.8	19.2	23.8 (2017)	16.0 (1992)
Tª máxima absoluta	30.7 (día 3)	31.9 (13/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	10.0 (día 28)	11.5 (25/10/2003)		
Precipitación acumulada	152	165-215	604 (1987)	3 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	12	14	23 (1987)	1 (2007)

Comentario: Foi un mes cálido en canto ás temperaturas máximas e frío para as mínimas. O mes resultou ser normal tendo en conta a temperatura media. Así mesmo, tamén se acadou o rexistro mínimo histórico da temperatura máxima máis baixa. A precipitación acumulada rexistrada e o número de días de chuvia foron lixeiramente inferiores ao rango de valores normais. Polo tanto, o mes considérase seco.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2018. Temperatura: 1982-2018



LUGO

	OUTUBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.6	13.3	16.0 (2014)	9.3 (1974)
Tª mínima media	7.7	8.3	10.8 (1994)	5.5 (1974)
Tª mínima absoluta	0.8 (día 8)	-1.6 (29/10/2012)		
Tª mínima máis alta	14.6 (día 12)	16.4 (01/10/2001)		
Tª máxima media	19.6	18.2	23.9 (2017)	13.2 (1974)
Tª máxima absoluta	30.5 (día 4)	31.8 (15/10/2017)		
Tª máxima máis baixa	7.1 (día 28)	9.0 (31/10/1983)		
Precipitación acumulada	146	103-131	393 (1987)	10 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	10	12	24 (1987)	2 (2007)

Comentario: As temperaturas medias estiveron dentro dos valores normais. Pola contra, o mes considérase cálido tendo en conta as temperaturas máximas, mentres que para as mínimas foi frío. Nesta localidade tamén se acadou o rexistro mínimo histórico na temperatura máxima máis baixa.

A precipitación rexistrada é lixeiramente superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido. Sen embargo, o número de días de chuvia foi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1981-2018. Temperatura: 1981-2018

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	OUTUBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.0	15.5	18.7 (2014)	11.6 (1974)
Tª mínima media	10.4	10.7	13.8 (2014)	6.7 (1974)
Tª mínima absoluta	1.5 (día 29)	1.2 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	15.9 (día 12)	19.0 (06/10/2009)		
Tª máxima media	21.6	20.4	24.2 (2017)	16.4 (1974)
Tª máxima absoluta	29.5 (día 2)	33.3 (14/10/2017)		
Tª máxima máis baixa	12.4 (día 28)	10.8 (12/10/1972)		
Precipitación acumulada	138	179-221	596 (1987)	7 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	13	13	24 (1987)	1 (2007)

Comentario: Mes cálido tendo en consideración as temperaturas medias e máximas, mentres que para as mínimas o mes resultou dentro dos valores normais.

A precipitación rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, así que se considera un mes seco a pesar de que o número de días de chuvia atópase dentro do agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1958-2018. Temperatura: 1958-2018

**OURENSE**

	OUTUBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
T ^a media	15.6	15.6	18.2 (2014)	11.6 (1974)
T ^a mínima media	8.6	9.7	12.5 (1981)	4.9 (1974)
T ^a mínima absoluta	3.43 (día 29)	-2.0 (31/10/1974)		
T ^a mínima máis alta	15.7 (día 12)	19.6 (10/10/1997)		
T ^a máxima media	22.7	21.6	27.4 (2017)	17.8 (1987)
T ^a máxima absoluta	33.2 (día 4)	34.3 (12/10/2011)		
T ^a máxima máis baixa	11.1 (día 28)	7.0 (26/10/1976)		
Precipitación acumulada	68	85-129	282 (1987)	5 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	9	10	24 (1987)	2 (2007)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas máximas, mentres que para as mínimas o mes considérase frío.

Foi un mes seco debido a que a precipitación rexistrada xunto co número de días de chuvia foron inferiores ao rango de valores normais.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2018. Temperatura: 1972-2018



5 TEMPERATURA

As temperaturas en global non presentan valores moi afastados da normalidade, xa que aínda que tivemos dous episodios a principios e mediados do mes con elevadas temperaturas diúrnas, o episodio de mediados do mes deixaba valores baixos de madrugada, amortecendo a anomalía. Ademais o episodio frío dos últimos 5 días do mes rematou por achegar a media do mes á normalidade.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de outubro de 2018.


O valor medio das temperaturas máximas no mes de outubro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 18,5°C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente nas zonas de montaña de Lugo e Ourense, con valores próximos aos 12 °C. Por outra banda, os



valores máis altos déronse principalmente nas comarcas do Ribeiro e a ribeira do Miño na provincia de Pontevedra, con valores de case 24 °C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de outubro para o territorio galego foi de 8.0 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca da Limia e macizo de Manzaneda, onde se acadaron valores próximos aos 3 °C. Os valores máis altos déronse principalmente na comarca de Vigo con valores próximos aos 12 °C.



Tmín - 10/2018

www.meteogalicia.es

Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de outubro de 2018.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de outubro, tendo en conta a media dos valores da figura 3, foi de $+0.26\text{ }^{\circ}\text{C}$. Os valores máis baixos acadáronse na Mariña luguesa e Bergantiños con valores entre -0.5°C e -1°C . Os máis altos no Baixo Miño ($+1.7^{\circ}\text{C}$).




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de outubro respecto ao período 1981-2010.

A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse na provincia de Pontevedra. Mentres que en Lugo (Táboa 2), houbo localidades que mesmo resultaron frías para a época do ano.



Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Gondomar	Pontevedra	1.6
Tui	Pontevedra	1.6
Tomiño	Pontevedra	1.4
Baiona	Pontevedra	1.3
Nigrán	Pontevedra	1.3
Porriño (O)	Pontevedra	1.2
Rosal (O)	Pontevedra	1.2
Salceda de Caselas	Pontevedra	1.2
Oia	Pontevedra	1.2
Guarda (A)	Pontevedra	1.2

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de outubro de 2018.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Alfoz	Lugo	-0.9
Mondoñedo	Lugo	-0.9
Lourenzá	Lugo	-0.8
Valadouro (O)	Lugo	-0.8
Barreiros	Lugo	-0.8
Foz	Lugo	-0.7
Trabada	Lugo	-0.7
Abadín	Lugo	-0.7
Ribadeo	Lugo	-0.7
Riotorto	Lugo	-0.6

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de outubro de 2018.

Nas táboas 3 e 4 amósanse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de outubro de 2018 para estacións situadas por debaixo e por riba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 3 e o 4 de outubro, rexistráronse os valores máis altos de temperatura, por debaixo e por riba dos 1000 m.



Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
04/10/2018	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	35.2
03/10/2018	Cequeliños	ARBO	Pontevedra	34.8
03/10/2018	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	33.8
03/10/2018	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	33.7
03/10/2018	Areas	TUI	Pontevedra	33.4
04/10/2018	Ourense	OURENSE	Ourense	33.2
04/10/2018	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	32.8
03/10/2018	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	32.7
04/10/2018	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	32.1
04/10/2018	Míllara	PANTÓN	Lugo	32.0

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2018 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
04/10/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	27.1
04/10/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	26.4
04/10/2018	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	26.0
03/10/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	24.7
03/10/2018	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	24.6
04/10/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	24.1
04/10/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	23.9
04/10/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	23.2
04/10/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	22.8
04/10/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	21.6

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2018 a altitude maior de 1000 m.

Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de outubro de 2018 para estacións situadas por riba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Destacan as provincias de Ourense e Lugo, no que as temperaturas acadaron valores negativos por riba e por debaixo dos 1000



m. Cabe mencionar os concellos de Manzaneda e A Veiga onde as temperaturas estiveron case 6 °C por debaixo do normal.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
27/10/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-5.7
27/10/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-5.7
28/10/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-5.3
28/10/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-3.2
28/10/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	-3.2
28/10/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-3.1
28/10/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-2.8
28/10/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-2.7
28/10/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-2.4
28/10/2018	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	-1.6

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2018 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
25/10/2018	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-2.0
08/10/2018	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-1.6
07/10/2018	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-1.5
29/10/2018	Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	-1.5
27/10/2018	Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	-1.4
28/10/2018	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	-1.2
28/10/2018	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	-1.1
28/10/2018	Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	-1.1
08/10/2018	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-1.0
28/10/2018	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	-1.0

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2018 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2018.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018 para esta serie foi 14.6 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2018 para outubro.

A anomalía media da temperatura para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de + 0.16°C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. As máximas estiveron 1.08°C por riba do normal e as mínimas 0.77°C por debaixo.





Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en outubro, respecto ó período 1981-2010.



6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións, inferiores ao valor medio, non presentan anomalías moi significativas en cantidade, xa que o episodio de chuvia de mediados do mes foi suficientemente significativo para acumular cantidades importantes que quedaron redondeadas coas precipitacións asociadas á entrada da masa de aire frío dos últimos días do mes.

6.1. Precipitación acumulada mensual outubro 2018



Chuvia/lluvia - 10/2018

www.meteogalicia.es

Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de outubro de 2018.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de outubro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 26 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Case toda a Comunidade presenta anomalías por debaixo das normais, agás as comarcas de A Fonsagrada Meira a zonas da Mariña con valores por riba do agardado.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de outubro de 2018.

6.3. Días de chuvia en outubro de 2018

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 10.5. Os valores máis altos tiveron lugar na Costa da Morte, onde se acadaron máis de 12 días de chuvia. Os valores máis baixos déronse no concello de Monforte, con valores próximos aos 5 días.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de outubro de 2018.

A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de outubro. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes superan os 200 L/m², en moitas localidades. Os Concellos de Lousame e Santa Comba estiveron moi preto de alcanzar os



300 L/m². Destacan as localidades da provincia de A Coruña, onde tamén se rexistraron os valores diarios acumulados máis importantes.

Precipitacións acumuladas máximas en outubro de 2018			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	293
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	284
Costa	ROIS	A Coruña	243
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	243
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	224
Lesende	LOUSAME	A Coruña	220
Cespón	BOIRO	A Coruña	218
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	214
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	209
Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	200

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de outubro de 2018.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	109	11/10/2018 23:10
Lesende	LOUSAME	A Coruña	72	11/10/2018 23:00
Muralla	LOUSAME	A Coruña	72	10/10/2018 09:20
Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	69	13/10/2018 07:30
Costa	ROIS	A Coruña	67	11/10/2018 21:50
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	62	13/10/2018 09:30
Cespón	BOIRO	A Coruña	62	29/10/2018 13:10
A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	60	27/10/2018 10:00
Corrubedo	RIBEIRA	A Coruña	60	10/10/2018 07:50
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	60	13/10/2018 14:50

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de outubro de 2018.

6.4. Evolución da precipitación en outubro de 2018

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018, para esta serie, foi 110 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2018 para outubro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 31 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como seco, tendo en conta a totalidade da Comunidade.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en outubro, respecto ó período 1981-2010.







7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na metade do mes, tal e como se pode observar na Táboa 9, en moitas localidades acadáronse ventos moi fortes.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en outubro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
12/10/2018	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	141.5
11/10/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	135.6
12/10/2018	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	115.5
14/10/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	115.2
13/10/2018	Burela	BURELA	Lugo	112.2
11/10/2018	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	111.0
11/10/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	110.9
13/10/2018	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	106.9
11/10/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	104.8
13/10/2018	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	104.5
11/10/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	104.3
11/10/2018	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	102.7
23/10/2018	Lira	CARNOTA	A Coruña	101.5
12/10/2018	Fragavella	ABADÍN	Lugo	100.9

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de outubro.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	101.5	NE	17		
		Día 23				
Pta. Candieira	Cedeira	115.5	NE	14		









PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
		Día 12				
Malpica	Malpica	77.4	E	5	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Malpica (10000) e 102018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Malpica (10000) e 102018</p>
		Día 12				
Marco da Curra	Monfero	90.3	E	14	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Marco da Curra (10040) e 102018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Marco da Curra (10040) e 102018</p>
		Día 13				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de outubro de 2018 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
		Día 13				
Burela	Burela	112.2	E	4	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Burela (10150) e 102018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Burela (10150) e 102018</p>
		Día 13				
Ancares	Cervantes	104.3	NE	16	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Ancares (10000) e 102018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Ancares (10000) e 102018</p>
		Día 11				

Táboa 11: Resumo vento no mes de outubro de 2018 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	88.1	E	9		
		Día 11				
Rodicio	Maceda	76.7	NE	18		
		Día 27				
Gandarela	Celanova	58.7	NO	38		
		Día 11				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de outubro de 2018 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	82.8	S	11		
		Día 27				

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	92.3	NE	10		
		Día 12				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de outubro de 2018 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de outubro de 2018.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de outubro 562 raios. Destaca o día 13 con 447 raios (Figura 15).



Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en outubro de 2018.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, Ourense rexistrou case tantos raios como as outras tres provincias xuntas.

nº de raios detectados en outubro de 2018 por provincias




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en outubro de 2018.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en outubro en Galicia dende o ano 2010 ao 2018. Nesta gráfica pódese observar como este mes ten o segundo maior valor da serie despois do ano 2013, onde caeron 1282 raios.



Figura 17: Número total de raios rexistrados en outubro dende 2010 a 2018.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Xunta de Galicia